

POLA CANDIDATURA GALEGA

Levamos tempo cun Estado español en crise institucional non resolta que se decanta por unha recentralización. Neste contexto, as maiorías sociais galegas quedan cada vez máis fóra, tanto pola consolidación do noso papel periférico como pola falta de suxeitos políticos propios que sexan quen de ter peso e autonomía no escenario estatal.

Temos a obriga de lograr benestar para todas as persoas, incluíndo o respecto aos dereitos individuais e colectivos, pero temos fallado en ocasións; nun momento crítico como o que vivimos corremos o risco de repetir para Galiza o papel secundario que sufrimos na xestación do Réxime do 78.

Tanto a liquidez organizativa como a centralización da concorrencia electoral determinan unha dificultade para a emerxencia dunha ferramenta transformadora e útil para o noso País na última década. Continúa sendo urxente e necesaria unha confluencia de intereses e de obxectivos entre as forzas progresistas galegas, soberanistas no sentido máis amplo de respectar a autoorganización do pobo galego, fronte ao avance da reacción. Máis ca nunca debemos cooperar e facelo desde a autoorganización, a transversalidade e o acompañamento da esquerda social, desde abaixo.

Non se trata de competir na mesma organización concepcións diversas en competencia interna nin tampouco de manter unha simple coalición baseada na urxencia da supervivencia electoral -aínda que vital nunha primeira instancia-, sen proxecto estratéxico que facilite dinámicas democráticas e participativas das bases, desbotando especialmente aquelas formulas de coalición dominada por dinámicas de forzas políticas estatais. A experiencia con, IU primeiro e Podemos despois é ilustrativa da necesidade de non colgarse de ningunha fórmula de dependencia: trátase dunha **ampla e xenerosa cooperación**.

Ante as novas Eleccións Xerais debemos aproveitar a oportunidade de artellar unha proposta electoral ilusionante, con vontade de afondar nas dinámicas de cooperación entre as distintas forzas políticas progresistas soberanistas galegas.

En Marea debe ter unha opción clara que sirva á sociedade e sexa vista como útil, ao tempo que contribúa a consolidar a organización.

Compre un chamamento público a persoas e/ou organizacións soberanistas emprazándoas publicamente a unha negociación para a constitución dunha gran alianza. Isto sería un activador de primeira magnitude no potencial electorado, un revulsivo mobilizador e da ilusión por un escenario de pacto e de unidade, adiantarse na batalla do relato evidenciaría a vontade cooperante de En Marea e sería moi produtivo.

Os riscos dun hipotético fracaso en todo caso serían imputábeis a outros sempre que En Marea sexa clara a saia da ambigüidade. Una aposta decidida por unhas Candidatura Galega axudaría a sintonizar con toda a orfandade de presenza galega en Madrid que percibe moita xente, mesmo moita xente non soberanistas, e colocaría a EM como forza útil.

Polo tanto, o acordo podería ser:

En Marea aposta por unha CANDIDATURA GALEGA de forzas políticas e sociais galegas, tamén aberta á participación a título individual, que se configure como unha plataforma capaz de, no inmediato horizonte das Eleccións Xerais, propoñer unha papeleta que garanta a representación directa deste suxeito político galego plural nas Cortes españolas. Polo tanto, En Marea inicia contactos para explorar esta vía.

(Non se nos escapa que isto serviría de xerme dunha entente doutra índole de cara desaloxar ao PP das institucións galegas en 2020.)

Galiza, 21 de setembro de 2019